

RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE MARZO DE 2016, POLA QUE SE CONVOCAN PRAZAS PARA A ESCOLA INFANTIL “CONCEPCIÓN SAIZ OTERO” DO CAMPUS DE OURENSE

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída N.º 201600005014
29/03/16 10:56:15

Dentro das actuacións da Universidade de Vigo dispone dunha oferta de prazas na escola infantil da Universidade no campus de Ourense, e esta Vicerreitoría convoca a súa cobertura de conformidade coas seguintes:

BASES

Primeira.- Número e características das prazas.

O período polo que se conceden as presentes prazas será o correspondente ao curso escolar 2016-17.

Convócanse **41 prazas** de renovación e nova adxudicación na Escola Infantil da Universidade para os/as fillos/as dos membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. Os integrantes da comunidade universitaria son: o persoal docente e investigador (PDI), o persoal de investigación ou contratado/a con cargo a proxectos ou convenios (PI), o persoal de administración e servizos (PAS) e o alumnado universitario matriculado en titulacións oficiais da Universidade de Vigo durante o curso académico 2015-16. Ao persoal da Fundación Universidade de Vigo considerárselle equiparado á comunidade universitaria aos efectos desta convocatoria.

O alumnado universitario deberá estar matriculado en estudos oficiais da Universidade de Vigo en réxime de permanencia a tempo completo ou a tempo parcial, tal e como establece a normativa de permanencia e progreso do estudiantado das titulacións oficiais de grao e de masters universitarios da Universidade de Vigo (aprobado polo Consello Social o 2 de abril de 2013). O réxime de permanencia a tempo completo supón unha matrícula entre 48 e 60 créditos por curso académico, agás no caso de estudiantes aos que lles falten menos de 48 créditos para rematar os estudos. O réxime do estudiante a tempo parcial supón unha matrícula por curso dun mínimo de 24 e menos de 48 créditos, agás no caso de estudiantes aos que lles falte menos de 24 créditos para rematar os estudos. O estudiantado con capacidade diminuida poderá solicitar un réxime de permanencia reducido que supón unha matrícula por curso entre 6 e 24 créditos.

No caso de que a oferta do servizo non se cubra coa demanda dos membros da comunidade poderán optar primeiro, outros familiares dos membros da comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de alumnos/as de titulacións oficiais, traballadores/as en activo ou xubilados/as da Universidade de Vigo e segundo, os/as fillos/as de persoas que residan ou traballen na cidade de Ourense.

A todos efectos se asimilará ao representante legal do neno/a como pai/nai e ao menor en acollida como fillo/a, a efectos desta convocatoria.

As prazas distribúense segundo a idade dos/as nenos/as da seguinte forma:

- 8 prazas para nenos/as ata 1 ano de idade
- 13 prazas para nenos/as de 1 a 2 anos de idade
- 20 prazas para nenos/as de 2 a 3 anos de idade

O número de prazas é o que establece a normativa da Xunta de Galicia en función da superficie das aulas, polo que en ningún caso as vacantes que se puidesen producir en calquera dos grupos de idade sinalados dará lugar ao incremento correlativo do número de prazas noutro. Os horarios, servizos e prezos da escola infantil especificanse no Anexo 1.

Segunda.- Pessoas beneficiarias

1. Serán requisitos imprescindibles para ser beneficiario/a de praza na escola infantil do campus de Ourense:

- Que o neno ou a nena estea nado/a no momento da presentación da solicitude.
- Que o neno ou a nena teña unha idade mínima de tres meses no momento de ingreso
- Que o neno ou a nena non teña cumplidos os tres anos de idade ao 31 de decembro de 2016.

2. Renovación de praza

Poderán renovar a praza actual os beneficiarios/as da escola infantil, durante o curso académico 2016-17 a partires do indicado na base segunda e sempre que cumpran cos requisitos da base primeira. Na renovación garantírase a praza a aqueles/as beneficiarios/as da escola infantil que non soliciten ningún cambio nas súa xornada escolar respecto ao curso 2015-16.

No caso de aqueles/as beneficiarios/as que soliciten un cambio da súa xornada escolar respecto ao curso 2015-16, as súas solicitudes serán sometidas a unha nova baremación.

3. Solicitud de praza por primeira vez

- a) Poderán optar á adxudicación dunha nova praza os pais ou as nais que sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo: traballadores/as en servizo activo, en excedencia para coidado de fillos/as ou de familiares ou en servizos especiais (profesorado e persoal de administración e servizos, persoal de investigación, persoal contratado con cargo a proxectos e convenios, e alumnado de titulacións

oficiais con fillos ata os 3 anos. Ao personal da Fundación Universidade de Vigo consideraráselle equiparado á comunidade universitaria aos efectos desta convocatoria.

- b) No caso de quedar vacantes, poderanxe presentar outros familiares dos membros da comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as dos/das traballadores/as en activo ou xubilados/das da Universidade de Vigo. Se ainda quedasen prazas vacantes, poderán optar ao servizos os/as residentes/as ou traballadores/as na cidade de Ourense con menores ao seu cargo ata os 3 anos. En ambos casos, os prezos a satisfacer serán os que correspondan a persoal alíeo á Universidade de Vigo, segundo figura no Anexo 1.

Terceira.- Solicitudes e documentación

As solicitudes, tanto de renovación como de adxudicación de nova praza, poderán presentarse ata as 14 horas do **22 de abril de 2016** nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

1. Renovación de praza

As persoas interesadas que xa obtiveran praza no curso 2015-16 deberán remitir a solicitude de renovación de praza dirixido ao vicerrector do campus de Ourense, segundo o modelo que se acompaña como Anexo 2 desta convocatoria xunto coa seguinte documentación:

- Certificación actualizada de ser membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. No caso do alumnado deberá presentar un compromiso de matrícula no curso 2016-17, anexo 4. Antes do 1 de setembro, procederase a comprobar, por parte da universidade, que as matrículas se fixeron efectivas, decaendo do seu dereito á praza ós solicitantes que non cumpran este requisito.
- Para outros familiares dos membros da comunidade universitaria, netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou xubilados/as e de alumnado de titulacións oficiais da Universidade de Vigo, xustificación desta relación.
- As persoas de fóra da comunidade universitaria deberán presentar certificado oficial actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa no que figure que o pai ou a nai traballan na cidade de Ourense.
- Certificado resumo da declaración anual do IRPF correspondente ao exercicio de 2014 relativo aos ingresos da unidade familiar expedido pola Axencia Tributaria (non é suficiente unha copia da declaración da renda).
- Documentación acreditativa da situación sociofamiliar e da situación laboral e familiar.

No caso de que a persoa interesada non estea obrigada a presentar a declaración anual da renda deberá presentar unha certificación dos datos existentes na Administración Tributaria, expedida pola citada Axencia, agás aquelas persoas solicitantes de devolución rápida que deberán achegar unha copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. Petición de praza por primeira vez

As persoas interesadas en prazas de nova adxudicación, que reúnan os requisitos esixidos, deberán dirixir a solicitude ao vicerreitor do campus de Ourense, segundo o modelo que se acompaña como Anexo 3 desta convocatoria xunto coa seguinte documentación:

- Copia do DNI do pai e da nai ou responsable legal do neno/a.
- Copia cotexada do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- Certificado resumo da declaración anual do IRPF correspondente ao exercicio de 2014 relativo aos ingresos da unidade familiar expedido pola Axencia Tributaria (non é suficiente copia da declaración da renda).

No caso de que a persoa interesada non estea obrigada a presentar a declaración anual da renda deberá presentar unha certificación dos datos existentes na Administración Tributaria, expedida pola citada Axencia, agás aquelas persoas solicitantes de devolución rápida que deberán achegar unha copia da comunicación que lles envía a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

- Certificación que acredite ser membro da Universidade de Vigo, en base aos seguintes supostos:

- O alumnado deberá presentar un compromiso de matrícula no curso 2016-17 (Anexo 4). Antes do día 1 de setembro procederase a comprobar, por parte da Universidade, que as matrículas se fixeron efectivas, decaendo do seu dereito á praza os solicitantes que non cumpran este requisito.
- Os traballadores/as en servizo activo, en excedencia para coidado de fillos/as ou de familiares ou en servizos especiais (profesorado e persoal de administración e servizos, persoal de investigación e persoal contratado con cargo a proxectos e convenios, persoal da Fundación Universidade de Vigo, certificación da Universidade onde se acredite esta situación.
- Para outros familiares dos membros da comunidade universitaria, netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou xubilados/as e do alumnado de titulacións oficiais da Universidade de Vigo, xustificación desta relación.

- Para persoas de fora da comunidade universitaria certificado actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa na que figure que o pai ou a nai traballan na cidade de Ourense.

• Documentación acreditativa da situación sociofamiliar e da situación laboral e familiar. No prazo máximo de 15 días naturais dende o remate do prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite, con indicación dos motivos de exclusión. As/os solicitantes, disporán dun prazo de cinco días hábiles para a subsanación das causas de exclusión de conformidade cos requisitos establecidos na convocatoria.

Posteriormente ditarase unha resolución reitoral coa relación definitiva das solicitudes admitidas e excluídas a trámite. As reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Nun prazo máximo de 20 días hábiles publicarase a resolución provisional de seleccionados/as e lista de agarda e abrirase un prazo de reclamacións de cinco días hábiles, a partires do día seguinte ao da publicación da resolución provisional. Finalizado este prazo de reclamacións, procederase á publicación da resolución definitiva de seleccionados/as e lista de agarda.

Cuarta.- Criterios de selección

1. Renovación de praza

Os nenos e as nenas beneficiarios/as de praza no curso académico 2015-16 que tiveran feito un uso regular da mesma solicitarán a súa renovación no prazo que establece a presente convocatoria, priorizando en base a seguinte relación:

- En primeiro lugar, solicitudes presentadas por pais e nais membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.
- En segundo lugar, solicitudes presentadas por outros familiares dos membros da comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou xubilados/as da Universidade de Vigo.
- En terceiro lugar, solicitudes presentadas por residentes ou traballadores/as na cidade de Ourense.

2. Pedimento de praza por primeira vez

Renovadas as prazas de 1 a 2 e de 2 a 3 anos, a adxudicación de novas prazas farase segundo os seguintes criterios, priorizandoos en base ao seguinte:

- En primeiro lugar, as solicitudes presentadas por pais e nais membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. E dentro destes terán preferencia os solicitantes de xornada completa fronte a media xornada.
- En segundo lugar, e unha vez cuberta a demanda da comunidade universitaria da Universidade de Vigo e sempre que queden prazas vacantes, solicitudes presentadas por outros familiares dos membros da comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou xubilados/as da Universidade de Vigo. E dentro destes terán preferencia os solicitantes de xornada completa fronte a media xornada.
- En terceiro lugar, en caso de quedar prazas vacantes e unha vez cuberta a demanda dos grupos sinalados nos apartados precedentes, solicitudes presentadas por residentes ou traballadores/as na cidade de Ourense. E dentro destes terán preferencia os solicitantes de xornada completa fronte a media xornada.

As prazas adxudicaranse ás persoas solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo 5, tanto no caso de renovación como de pedimento de praza por primeira vez.

O proceso de selección farase por una Comisión de Valoración que estará formada por:

- Presidente: o Vicerreitor do Campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- Secretaria: A xefa de área de servizos á comunidade ou persoa en quen delegue.
- Un representante do PDI
- Un representante do PAS
- Un representante do alumnado

Quinta.- Listas de agarda

Coas persoas que, na adxudicación inicial, non obtiveran unha praza, constituiranse tres listas de agarda:

- Para nenos/as menores dun ano de idade
- Para nenos/as de 1 a 2 anos de idade
- Para nenos/as 2 a 3 anos de idade

As prazas que con posterioridade á primeira adxudicación foran quedando vacantes serán ofertadas por rigurosa orde aos integrantes das citadas listas.

Sexta.- Solicitudes cursadas ao longo do curso escolar

No caso de quedar prazas vacantes con posterioridade á adxudicación prevista nesta convocatoria, ou que se produzcan tras iniciarse o curso académico, poderanse solicitar en

calquera momento do curso escolar, sempre que reúnan os requisitos que establece a base terceira desta convocatoria.

Para dar cabida ás solicitudes de aqueles membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo que non puideran solicitar praza para o grupo de nenos/as de 0 a 1 anos, por non cumplir os requisitos da base segunda, apartado 1º, procederase a unha actualización das listas de agarda en xaneiro de 2017.

Séptima.- Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias dunha praza na escola infantil do campus de Ourense deberán formalizar a **matrícula** na devandita escola no prazo que abrangue dende o **6 ao 17 de xuño de 2016**. No caso en que non formalicen a matrícula no prazo, agás casos de forza maior debidamente xustificada, entenderase que renuncia á praza que lle foi asignada.

Os/as adxudicatarios/as de prazas na escola infantil do campus de Ourense que non incorporen aos seus fillos/as á citada escola no prazo de 15 días naturais a partir do comienzo do periodo lectivo ou, no seu caso, a partir da data de adxudicación da praza, se esta se producira con posterioridade á iniciación do curso, entenderase que renuncian á praza e serán dados de baixa sen máis trámite, salvo comunicación á escola.

O retraso inxustificado no abono das mensualidades da escola infantil do campus de Ourense poderá dar lugar a perda da parte ou da totalidade da praza, segundo proceda.

Oitava.- Adxudicación de prazas

A concesión das prazas da escola infantil, así como a xestión do resto do servizo que comprende a prestación da actividade será realizada pola empresa adxudicataria, baixo a supervisión da Universidade de Vigo.

Se o 17 de xuño de 2016 as solicitudes presentadas non se tivese formalizado en matrícula, perderase o dereito á praza, procedendo a adxudicar as solicitudes en lista de agarda, por rigurosa orde. O prazo de matrícula neste caso será do **20 ao 30 de xuño de 2016**.

Novena.- Obrigas da Universidade de Vigo

A Universidade de Vigo non é responsable da xestión da escola infantil. En calquera caso, a Universidade de Vigo velará polo cumprimento estrito da legalidade da que é responsable a empresa adxudicataria, esixindo para iso a información necesaria.

A prestación do servizo da escola infantil comenzará o **1 de setembro de 2016**, salvo causas de forza maior, que impidan a prestación do servizo.

Décima.- Garantía sobre os datos persoais

Dacordo co disposto na Lei orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, e o Real decreto 1720/2007 de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, os datos aportados pola persoa interesada se utilizarán, con carácter único e exclusivo para os fins previstos neste procedemento.

Undécima.- Publicidade

A presente Resolución será publicada na páxina web da Vicerreitoría do Campus de Ourense <http://www.vicou.uvigo.es> e no rexistro xeral e auxiliares da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado, en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso de reposición dacordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 29 de marzo de 2016



Assd.: Salustiano Mato de la Iglesia

Diligencia para facer constar que esta Resolución se publica no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo con data 29 de marzo de 2016



Assd.: Carmen Estévez Caamaño
Xefa da Secretaría do Reitor

ANEXO 1

HORARIOS, PREZOS E SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

HORARIOS:

A escola infantil do campus de Ourense prestará servizos durante 11 meses, de setembro a xullo, ámbolos dous incluídos. Sen prexuízo de que no seu momento se poida determinar pola universidade outros horarios de servizo, inicialmente fixanse os horarios seguintes:

Servizo de escolaridade: o horario lectivo de ensinanza da escola infantil cubrirá de luns a venres:

- Mañá de 10:00 a 13:00 horas
- Tarde de 15:30 a 18:00 horas

Servizo de comedor: de 12:00 a 15:00 horas. De 12:00 a 13:00 horas comedor e de 13:00 a 15:00 horas tempo de lecer para os/as nenos/as.

Servizo de acollida e/ou permanencia. Ofértanse as seguintes quendas:

- Hora complementaria de acollida de mañá de 08:00 a 09:00 horas
- Hora complementaria de permanencia de tarde: de 18:00 a 20:00 horas

PREZOS:

Os prezos máximos suxeitos ao procedemento de licitación pública do contrato da escola infantil do campus de Ourense, correspondentes aos servizos prestados son os seguintes:

A. Membros da comunidade universitaria: Persoal docente e investigador (PDI), persoal de investigación ou contratado con cargo a proxectos ou convenios, persoal de administración e servizos (PAS), persoal da Fundación Universidade de Vigo e alumnado da Universidade de Vigo.

SERVIZO	PREZOS*
Matrícula (inscripción, material e seguro)	77 €
Xornada escolar de mañá (08:00 a 15:00 horas)	103 €
Escolaridade completa (10:00 a 13:00h e 15:30 a 18:00horas)	103 €
Media xornada de mañá (09:00 a 13:00horas)	83 €
Media xornada de tarde (15:00 a 20:00horas)	83 €
Comedor	73 €
Merenda	26 €
Almorzo	26 €
Hora extra mensual	8 €
Hora extra diaria	3 €

*En virtude do artigo 20.1.9 da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (IVE) e o artigo 7 do Regulamento do IVE, están exentos os servizos de garda e custodia de nenos/as e a educación infantil, o que se fai extensible a servizos accesorios como comedor e transporte.

- B. Resto dos casos: outros familiares dos membros da comunidade universitaria: netos/as e sobriños/as de traballadores/as en activo ou xubilados/as da Universidade de Vigo e as solicitudes presentadas por residentes ou traballadores/as da cidade de Ourense.

SERVIZO	PREZOS*
Matrícula (inscripción, material e seguro)	116 €
Xornadas escolar de mañá (08:00 a 15:00 horas)	155 €
Escolaridade completa (10:00 a 13:00h e 15:30 a 18:00 horas)	155 €
Media xornada de mañá (09:00 a 13:00 horas)	125 €
Media xornada de tarde (15:00 a 20:00 horas)	125 €
Comedor	109 €
Merenda	39 €
Almorzo	39 €
Hora extra mensual	12 €
Hora extra diaria	4 €

*En virtude do artigo 20.1.9 da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (IVE) e o artigo 7 do Regulamento do IVE, están exentos os servizos de garda e custodia de nenos/as e a educación infantil, o que se fai extensible a servizos accesorios como comedor e transporte.

ANEXO 2

MODELO DE SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE PRAZA NA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

DATOS DO NENO/A				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACIMENTO	
GRUPO DE SOLICITUDE (riscar o que proceda) <input type="checkbox"/> de 0 a 1 anos <input type="checkbox"/> de 1 a 2 anos <input type="checkbox"/> de 2 a 3 anos				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai, nai ou tutor/a legal)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
DOMICILIO				
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA	E-mail	TELÉFONO
GRUPO AO QUE PERTENCE (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> Persoal docente e investigador (PDI) ou Persoal de administración e Servizos (PAS) <input type="checkbox"/> Persoal de investigación contratado/a con cargo a proxectos ou convenios <input type="checkbox"/> Persoal da Fundación Universidade de Vigo <input type="checkbox"/> Alumnado <input type="checkbox"/> Familiar de membros da comunidade universitaria, segundo a base 3 desta convocatoria <input type="checkbox"/> Persoas alleas á comunidade universitaria con residencia ou traballo na cidade de Ourense				
SERVIZOS QUE SOLICITA RENOVAR (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> Xornada escolar de mañá (08:00 – 15:00h) <input type="checkbox"/> Escolaridade completa (10:00 – 13:00h e 15:30 a 18:00h) <input type="checkbox"/> Media xornada de mañá (09:00 – 13:00h) <input type="checkbox"/> Media xornada de tarde (15:00 – 20:00h) <input type="checkbox"/> Comedor <input type="checkbox"/> Merenda <input type="checkbox"/> Almorzo				

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Certificación actualizada de pertencer á comunidade universitaria
Compromiso de matrícula para o curso 2016-2017
Certificado oficial actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa no que figure que o/a solicitante traballa na cidade de Ourense.
Certificado resumo da declaración anual do IRPF correspondente ao ejercicio 2014 ou certificado de imputacións no suposto de non ter obrigación de presentar declaración da renda de todos os membros da unidade familiar.
Documentación acreditativa da situación sociofamiliar e da situación laboral e familiar

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (incluía a persoa solicitante)

Nome	Apelidos	NIF	Data de nacemento	Parentesco

O/a solicitante autoriza a publicación dos seus datos de carácter persoal en todos os listados e documentos derivados da presente solicitude, e que de acordo coa correspondente convocatoria teñen prevista a súa publicación a través da páxina web e taboleiros de anuncios.

A persoa abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos incorporados á presente solicitude.

Ourense, de de 2016

Sinatura da persoa solicitante

ANEXO 3

MODELO DE SOLICITUDE DE NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

DATOS DO NENO/A				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACIMENTO	
GRUPO DE SOLICITUDE (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> de 0 a 1 anos <input type="checkbox"/> de 1 a 2 anos <input type="checkbox"/> de 2 a 3 anos				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai, nai ou tutor/a legal)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
DOMICILIO				
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA	E-mail	TELÉFONO
GRUPO AO QUE PERTENCE (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> Persoal docente e investigador (PDI) ou Persoal de administración e Servizos (PAS) <input type="checkbox"/> Persoal de investigación contratado/a con cargo a proxectos ou convenios <input type="checkbox"/> Persoal da Fundación Universidade de Vigo <input type="checkbox"/> Alumnado <input type="checkbox"/> Familiar de membros da comunidade universitaria, segundo a base 3 desta convocatoria <input type="checkbox"/> Persoas alleas á comunidade universitaria con residencia ou traballo en Ourense				
SERVIZOS QUE SOLICITA (riscar o que proceda)				
<input type="checkbox"/> Xornada escolar de mañá (08:00 – 15:00h) <input type="checkbox"/> Escolaridade completa (10:00 – 13:00h e 15:30 a 18:00h) <input type="checkbox"/> Media xornada de mañá (09:00 – 13:00h) <input type="checkbox"/> Media xornada de tarde (15:00 – 20:00h) <input type="checkbox"/> Comedor <input type="checkbox"/> Merenda <input type="checkbox"/> Almorzo				
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA				
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI do pai e da nai ou responsable legal do neno /a <input type="checkbox"/> Fotocopia compulsada do libro de familia ou no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. <input type="checkbox"/> Certificación actualizada que acredite ser membro da Universidade de Vigo. <input type="checkbox"/> Compromiso de matrícula para o curso 2016-2017 <input type="checkbox"/> Certificación que acredite a condición de neto/a ou sobriño/a de traballador en activo ou				

xubilado da Universidade de Vigo	Certificado oficial actualizado de residencia na cidade de Ourense ou certificado actualizado da empresa no que figure que o/a solicitante traballa na cidade de Ourense.
	Certificado resumo da declaración anual do IRPF correspondente ao exercicio 2014 ou certificado de imputacións no suposto de non ter obrigación de presentar declaración da renda de todos os membros da unidade familiar.
	Documentación acreditativa da situación sociofamiliar e da situación laboral e familiar

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR (inclua a persoa solicitante)

O/a solicitante autoriza a publicación dos seus datos de carácter persoal en todos os listados e documentos derivados da presente solicitude, e que de acordo coa correspondente convocatoria teñen prevista a súa publicación a través da páxina web e taboleiros de anuncios. A persoa abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos incorporados á presente solicitude.

Ourense. de de 2016

Sinatura da persoa solicitante

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ANEXO 4

COMPROMISO DE MATRÍCULA PARA O ALUMNADO

D./Dª.....

Con DNI nº, comprométese a matricularse en estudos oficiais da Universidade de Vigo no curso 2016-2017, nos termos establecidos na base primeira desta convocatoria.

Ourense, de de 2016

Asdo.:

ANEXO 5

BAREMO DE APLICACIÓN ÁS SOLICITUDES DE ADMISIÓN NA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS DE OURENSE

A aplicación deste baremo farase por esta orde de prelación

En primeiro lugar, traballadores en servizo activo (profesorado e persoal de administración e servizos); persoal de investigación e persoal contratado con cargo a proxectos e convenios; persoal da Fundación Universidade de Vigo; alumnado de 1º, 2º, 3º ciclo, grao e posgrao, con fillos ata os 3 anos.

En segundo lugar, se sobran prazas, outros familiares da comunidade universitaria: netos e sobriños de funcionarios e traballadores da Universidade de Vigo en activo ou xubilados.

Finalmente, se sobran prazas, os residentes na cidade de Ourense ou traballadores/as na cidade de Ourense con menores ao seu cargo ata os 3 anos.

1º SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

1.1- Por cada membro da unidade familiar	2 ptos
1.2- Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo.	1 pto
1.3- No caso de que a/o nena/o para o que solicita praza nacese nun parto múltiple	1 pto
1.4- Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia	2 ptos
1.5- Pola condición de familia monoparental	3 ptos
1.6- Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais	6 ptos
1.7- Por irmán con praza renovada na escola	3 ptos
1.8- Pola condición de familia numerosa	3 ptos
1.9- Calquera circunstancia familiar grave debidamente acreditada	3 ptos

2º SITUACIÓN LABORAL E FAMILIAR

2.1- Situación laboral de ocupación:	
- Nai	6 ptos
- Pai	6 ptos
2.2- Situación laboral de desemplego (1):	
- Nai	2 ptos
- Pai	2 ptos
2.3. – Persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción (Risga)	
- Nai	3 ptos
- Pai	3 ptos

(1) Valorarase tal condición coa certificación de demanda de emprego con efectos do día anterior ao de publicación desta convocatoria.

No caso de familias monoparentais, adxudicárselles a puntuación do epígrafe correspondente multiplicada por dous. Só se poderá obter puntuación por un dos epígrafes anteriores.

Se non se xustifica a situación laboral e familiar, este apartado será valorado con 0 puntos.

3º SITUACIÓN ECONÓMICA (neste apartado os puntos calcúlaos a táboa de baremación) RPC mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente:

- Inferior ao 30% do IPREM	+ 4 ptos
- Entre 30% e inferior ao 50% do IPREM	+ 3 ptos
- Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	+ 2 ptos
- Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	+ 1 pto
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	- 1 pto
- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	- 2 ptos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM	- 3 ptos
- Igual ou superior ao 200% do IPREM	- 4 ptos

No caso de obter igual renda, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa. En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar, as solicitudes de xornada completa sobre as solicitudes de media xornada, e despois deste criterio dáraselle prioridade a renda per cápita máis baixa.

Para os efectos desta convocatoria están a cargo da unidade familiar as persoas que convivendo no mesmo domicilio, teñen ingresos inferiores ao IPREM.

No caso de ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais adxudicarase a puntuación máxima nas epígrafes 2º e 3º do baremo.

Para os efectos do cálculo da renda familiar son membros computables da unidade familiar do neno ou nena para o/a que se solicita praza o pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor, de ser o caso, os/as irmáns/ás solteiros/as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33%, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores.